



A Real Academia Galega convoca o certame **Contádenos o voso Día das Letras 2024** co propósito de promover un espazo de participación para que os centros escolares amosen, a través de [primaveradasletras.gal](http://primaveradasletras.gal), como celebran o Día das Letras Galegas.

### **BASES**

1. O certame “Contádenos o voso Día das Letras” está aberto a todos os centros escolares que impartan educación infantil e primaria e ao alumnado con necesidades especiais de apoio educativo. Os participantes deberá desenvolver algunha actividade relacionada con Luísa Villalta, a figura á que a Real Academia Galega dedica o Día das Letras Galegas 2024.

3. Cada centro poderá participar co proxecto ou proxectos que desexe, tanto con aqueles que poidan implicar o conxunto da comunidade escolar coma con outros de aula, curso, etapa etc.

4. O profesorado responsable de cada proxecto amosará na páxina web do seu centro, ou nun espazo virtual similar (bitácora da aula ou da biblioteca, canle de Youtube do colexio...) a/s actividade/s ou iniciativa/s realizada/s: contos, poesías, carteis, cancións, programas de radio, vídeos...

5. Os centros deben enviar a/s ligazón/s correspondentes á/s súa/s iniciativa/s ao correo electrónico [contacto@primaveradasletras.gal](mailto:contacto@primaveradasletras.gal). No asunto deberá indicarse “Certame Contádenos o voso Día das Letras” e o nome do centro.

6. As iniciativas recibidas incluíranse nun espazo especial da páxina web da Real Academia Galega [primaveradasletras.gal](http://primaveradasletras.gal).

7. O prazo de recepción do material amplíase ata o 26 de xullo de 2024.

8. Os tres centros gañadores recibirán como agasallo lotes de libros e material promocional de Primavera das Letras. Todas as escolas recibirán un diploma acreditando a súa participación.